

## LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto  
**DESCULPA ASISTENCIA**  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 29 de novembro de dous mil dezaseis, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **29 de novembro de 2016** ás 10:00 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de novembro de 2016.
2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.
3. Declarar concluído o proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supera o número de postos a cubrir e no Comité da Escola Internacional de Doutoramento.
4. Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos.
5. Agrupación, se procede, noutro centro de electores de acordo co previsto no artigo 6.2 do procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento.
6. Outros asuntos de interese.
7. Rolda libre de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de novembro de 2016.**

Non hai alegacións, polo que se aproba por asentimento.

### **2. Resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidatos e candidatas.**

O presidente cede a palabra á secretaria da comisión que explica as reclamacións recibidas

- D. Diego Moreira Álvarez foi excluído do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía por non achegar copia do DNI coa candidatura. Subsanado o erro no prazo de reclamacións, debe ser admitida a súa candidatura.
- Dna. Ana Cambón Periscal indicara na súa solicitude a denominación de “Tecnoloxía”, sendo interpretado en SC como “*Tecnoloxía Electrónica*”, e inicialmente excluída do censo por non estar adscrita a dito departamento. Na súa reclamación indica que a súa vontade era presentar a súa candidatura ao departamento ao que estivese adscrita a

materia de “*Tecnoloxía Aeroespacial*”. Unha vez explicado o erro, e estando adscrita ao departamento de “*Enxeñaría Mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos*”, propónse a admisión da súa candidatura neste departamento.

- Dña. María concepción Cochón Núñez e Dña. M<sup>a</sup> Isabel Ferreiro González querían presentar a súa candidatura ao departamento de “*Análise e Intervención Psicosocioeducativa*”, pero tiveron un erro e utilizaron o modelo de candidatura ao Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento. Na súa reclamación explican o seu erro, e solicitan a exclusión do Comité de Dirección da EIDO e que sexa admitida para o departamento de “*Análise e Intervención Psicosocioeducativa*”.

Dado que non se causa ningún prexuízo aos demais estudantes, deberían admitirse ambas reclamacións.

- Os estudantes D. David, Lloves Losada, D. Alejandro Penín Rodríguez, D. Daniel Salvador García Iglesias, Dña M<sup>a</sup> Jesús Pais Romero, D. Javier Otero Fernández, Dña. María Sio Carrera e Dña. Carolina Sant’Anna Arjones, presentaron unha reclamación solicitando ser admitidos nos departamentos de Química analítica e Alimentaria, Química Inorgánica, Química Física e Química Orgánica, baseándose en que o día que remataba o prazo de presentación de candidaturas era festivo no ámbito científico, e tampouco se lles informou que o prazo se prorrogaba ata o día seguinte.

Tendo en conta que no ámbito científico non hai ningunha representación do estudantado, que o prazo neste ámbito quedou reducido nun día e considerando que a súa admisión non prexudicaría ao resto de estudantes, propónse que estas reclamacións sexan admitidas.

Resume o presidente indicando que, polo tanto, a proposta é admitir todas as reclamacións presentadas, xa que non afectan á terceiros e promoven a participación do estudantado nos órganos de representación.

### **3. Declarar concluído o proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supera o número de postos a cubrir e no Comité da Escola Internacional de Doutoramento.**

Cede o presidente a palabra á secretaria da Comisión Electoral, que explica a situación electoral:

En relación coas eleccións de representantes de estudantes aos Consellos de Departamentos, indica que o único departamento no que se presentaron máis candidaturas que postos a cubrir, foi no Departamento de Dereito Público Especial. Polo que se pode declarar por concluído o proceso electoral no resto dos departamentos.

En canto ao Departamento X13, Dereito Público Especial, os centros nos que imparte docencia este departamentos e, polo tanto, onde hai que facer eleccións son:

1º e 2º ciclo

- Facultade de Dereito en Ourense
- Facultade de CC. Empresariais e Turismo en Ourense
- Facultade de CC. da Educación en Ourense
- Facultade de CC. Sociais en Pontevedra
- Escola Universitaria de Estudos Empresariais en Vigo

- Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo en Vigo

3º Ciclo

- Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo en Vigo

No caso das eleccións de representantes ao comité de dirección da EIDO, informa a secretaria de que se presentaron candidaturas para o sector PAS e para os ámbitos de Humanidades, Xurídico-Social e Científico. Tan só había, inicialmente, máis candidaturas que postos a cubrir no ámbito de Humanidades e no ámbito Xurídico-Social. Dado que vimos de aprobar a renuncia das dúas alumnas que presentaran a súa candidatura ao EIDO por erro no ámbito Xurídico-Social, pódese dar por concluído o proceso electoral en todos os ámbitos (Xurídico-Social, Científico, Tecnolóxico, no ámbito Campus do Mar), así como no sector PAS, sendo necesario realizar eleccións tan só no ámbito de Humanidades.

Aínda que só se presentaron candidaturas na Facultade de Filoloxía de Vigo, os centros nos que hai estudantes deste ámbito e, polo tanto, onde hai que facer eleccións son:

Ámbito Humanidades

- Facultade de Historia en Ourense
- Facultade de Belas Artes en Pontevedra
- Facultade de CC. Sociais e da Comunicación en Pontevedra
- Facultade de Filoloxía e Tracución en Vigo

Apróbase por asentimento a proposta presentada.

#### **4. Delegación, se procede, na secretaria xeral da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos.**

Apróbase por asentimento.

#### **5. Agrupación, se procede, noutro centro de electores de acordo co previsto no artigo 6.2 do procedemento para a elección de representantes de estudantes nos consellos de departamento.**

O presidente cede novamente a palabra á secretaria, quen explica que segundo o devandito artigo *“Cada circunscrición deberá contar cun número mínimo de dez electores ou electoras. Cando o número sexa inferior, a Comisión Electoral agrupará a devandita circunscrición con outra ou outras, co fin de garantir o segredo do voto”*.

Na proclamación provisional de candidaturas ao Comité de Dirección da EIDO, no ámbito Xurídico-Social, había tres candidaturas, polo que, dado que só había un posto no Comité para dito ámbito, había que facer eleccións.

Na Facultade de CC. Empresariais e Turismo en Ourense e na Facultade de CC. Sociais en Pontevedra só había un votante, polo que, para garantir o establecido no mencionado artigo 6.2, había que agrupar a estes electores con outros doutros centros.

No período de reclamacións, dúas estudantes presentaron unha reclamación onde comunicaban que renunciaban á súa candidatura ao Comité de Dirección da EIDO, xa que tiveron un erro na súa presentación.

Dado que xa non é necesario efectuar eleccións no ámbito Xurídico-Social, non procede a agrupación destes dous estudantes noutros centros.

Apróbase por asentimento.

## **6. Outros asuntos de interese.**

Non hai.

## **7. Rolda libre de intervencións.**

O Sr. Federico Fernández lembra que, como en todos os procesos electorais, débese ter en conta o dereito dos membros das mesas a gozar dunha xornada libre con posterioridade á xornada de eleccións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:05 h do día 29 de novembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris